



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



CIRCULAR 5/2009

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE MARCHA EN RUTA

A Coruña, 1 de Febreiro do 2009

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organizará en A Coruña, o Campionato de Galicia de Marcha en Ruta o Domingo día 1 de febreiro do 2009.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas que o desexen e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2008/09) por algún Clube pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras CCAA..
3. Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.3) As inscricións realizaranse na web da F.G.A. mediante sistema online como data límite o martes anterior a data da competición (27 de Xaneiro).

Art.4) Os atletas deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da súa proba, segundo o horario sinalado. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5). Os tres primeiros atletas clasificados (Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, Junior, Promesa, Absoluto e Veteran) recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo da cerimonia. Caso contrario, non se fará entrega das medallas.

Art.6) Os atletas deberán empregarlo dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Art.7) *Horario e distancias do Campionato:*

11:00 horas	Alevín-infantil	Homes e Mulleres	3 Km
11.30 horas	Cadete	Homes e Mulleres	5 km
	Promesa-Senior	Homes	20 Km
12:10 horas	Benxamín	Homes e Mulleres	2 Km
12:30 horas	Xuvenil-Junior-veteranos	Homes e mulleres	10 km
	Promesa-Senior-	Mulleres	10 Km

PATROCINADORES OFICIAIS



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



Art.8) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F. As características do circuíto serán enviadas con antelación suficiente á competición.

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 16 de xaneiro de 2009

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

